



Novo Concello de  
CAMBADOS

*Participolle que, con data 27.06.2016, a Sra. Alcaldesa dictou a seguinte:*

“**DECRETO.**= En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 26 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **30 DE JUNIO DE 2.016 ás 21:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **I) PARTE RESOLUTIVA**

1.- AGRADECIMENTO DO CONCELLO DE CAMBADOS ÁS INSTITUCIÓNS DO ESTADO DOADORAS DE LIBROS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “LUÍS REP” E ÁS AXENCIAS DE LECTURA DAS PARROQUIAS.-

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENSEÑANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES DAS ENTIDADES LOCAIS (ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E CONSERVATORIO ELEMENTAL).-

3.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE CAMBADOS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA, A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS AO ABEIRO DO PROCEDIMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL.-

4.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE CAMBADOS AO CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) E A SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES (SGAE).-

5.- DECLARACIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE CAMBADOS COMO LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER.-

#### **II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.**

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO EN RELACIÓN CO APARCADOIRO PRIVADO DO HOSPITAL DO SALNÉS.-

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO PARA ADHESIÓN Ó PROGRAMA DE VIVENDAS VALEIRAS DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A CONSTRUCCIÓN DE INVERNADOIROS EN SOLO RÚSTICO A RAIZ DA ENTRADA EN VIGOR DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA 2/2016, DE 10 DE FEBREIRO.-

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A FORMALIZAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS.-

10.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE/2016.-

11.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE/2016.-




Ilmo Concello de  
CAMBADOS

12.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

13.-ROGOS E PREGUNTAS.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.”

En Cambados a 27 de xuño de 2016



SECRETARIO XERAL

Asdo: Francisco Javier Oubiña Lodeiro